



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 211/2016, DO 13 DE XUÑO DE APROBACIÓN DE BASES PARA CONTRATAR SETE SOCORRISTAS PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO 2016.

ANTECEDENTES

1º.- Proposta de bases para contratar 7 socorristas que prestarán servizos nas praias do Concello de Ponteceso no ano 2016.

2º.- Informe de Secretaría de 9 de xuño de 2016

3º.- Informe de intervención de 13 de xuño de 2016

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores.
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada.
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.
- Artigo 235 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Artigo 103 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 177 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, de aprobación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Son competente para resolver, de conformidade co que dispón o artigo 21.g) da lei 7/1985, do 2 de abril, (modificada polo Lei 11/1999, do 21 de abril), e o artigo 41.14 do Real decreto 25686/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Por todo o anterior, RESOLVO:

1 Aprobación das bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal de sete socorristas para as praias do Concello de Ponteceso durante dous meses dende a sinatura dos contratos, na modalidade de obra ou servizo determinado de interese social. As bases aparecen como anexo deste acordo.

2 Autorizar o gasto con cargo as partidas correspondentes do vixente orzamento municipal e proceder á correspondente retención de crédito, para afrontar os custos dese persoal.

Ponteceso, 13.06.2016

O ALCALDE

Xosé Lois García Carballido



ANTE MÍN, A SECRETARIA

Cristina Castro Fuentes

PROPOSTA DE BASES PARA CONTRATAR 7 SOCORRISTAS QUE PRESTARAN SERVICIOS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO NO ANO 2016

1 Obxecto da convocatoria:

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo completo, baixo a modalidade por obra ou servizo determinado de interese social, por período de dous meses, de sete socorristas para as praias do Concello de Ponteceso. O soldo é de 1113,58 €brutos/mes incluíndo a proporción da paga extra.

2 Tipo e duración do contrato:

O contrato será de duración determinada, para realizar a obra ou servizo determinado de interese social, de conformidade co artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, sendo a duración do contrato de dous meses.

A xomada laboral será a tempo completo e o horario establecerá o coordinador do servizo de socorrismo, coa autorización do alcalde. Polas características do servizo, a xomada comprenderá os fins de semana e os festivos.

Os días libres correspondentes gozaranos os socorristas contratados segundo as necesidades do Servizo.

3 Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos dos aspirantes a esta contratación:

1 Ter cumpridos os 16 anos de idade

2 Ter a nacionalidade española, ser nacional da Unión Europea ou dun país con tratado internacional, segundo o que dispón o artigo 57.3 do Estatuto Básico

3 Estar en posesión do título de socorrista acuático ou titulación equivalente ou que a englobe, que se deberá acreditar mediante un documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

4 Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas. Acreditarase esa circunstancia co certificado médico correspondente

5 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

4 Presentación de solicitudes

Aprobadas estas bases por Resolución do órgano competente publicaranse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

Cursada a oferta pertinente ó Servizo Galego de Colocación e aprobadas estas bases por Resolución do órgano competente unha vez que a oficina do INEM remite a relación de candidatos que se axustan ao perfil, avisarase polo responsable do expediente (debedo quedar debidamente acreditado) a todos os candidatos propostos para convocalos, para que aporten nun prazo de cinco días hábiles dende a data da súa comunicación a documentación que desexen que lles sexa valorada de conformidade co disposto na fase de concurso.

Xunto coa solicitude para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán achegar a fotocopia do DNI, a relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa destes, pois non se terán en conta nin serán avaliados os méritos que non estean acreditados na forma indicada, o título de socorrista acuático ou equivalente e a solicitude de inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia que se acreditará aportando a preceptiva declaración responsable (de conformidade coa base 3.3).

5 Tribunal cualificador das probas:

1

O tribunal cualificador designado pola alcaldía, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O coordinador do servizo, persoal laboral

Secretaría (con voz e sen voto): A do Concello ou o/a funcionario/a ou persoal laboral no/a que Delege

Vogais: O técnico local de emprego ou o/a funcionario/a ou persoal laboral no/a que delege

A tradutora do concello ou o/a funcionario/a ou persoal laboral no/a que delege.

A técnica municipal de deportes/ ou funcionario ou persoal laboral en que delege.

A composición do tribunal farase pública na mesma resolución do alcalde que aproba a listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Publicada a lista provisional de admitidos, os excluídos Terán un prazo dun (1) hábil para subsanar. A publicación levarase a cabo na web municipal e no taboleiro de anuncios.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva

2 O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso será precisa a do presidente e do secretario do mesmo. De todas as reunións que faga o tribunal o secretario redactará acta.

3 Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4 O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos nelas.

5 O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubri-las posibles vacantes que poideran producirse, só válido para a presente campaña.

6 O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Os membros do tribunal percibirán as dietas conforme o RD 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo.

6 Selección:

Logo de que remate o prazo para presentar as instancias, o alcalde dictara a resolución na que aproba a listaxe provisional de admitidos/as e de excluídos/as, indicando as causas da súa exclusión. No caso de que non haxa ningún excluído a lista provisional poderá entenderse definitiva. Esa resolución publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na web. En caso de excluídos os/as aspirantes terán o prazo dun (1) día hábil para reclamar.

Fase de concurso:

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados polos/as aspirantes no momento de presentar a súa instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

Formación:

Por cursos de formación relacionados coa materia de salvamento e/ou socorrismo acuático: 0.10 puntos por curso ata un máx de 2 puntos. Non se valorarán neste apartado os seminarios, xomadas e simposios.

Por poseer o título de técnico en primeiros auxilios: 0,5 puntos.

Acreditarase con copia compulsada do título correspondente, ou outro documento equivalente que permita avaliar os méritos, expedido polo organismo ou entidade correspondente.

Experiencia profesional

- Por cada mes de servizos de socorrismo de praias prestados: 0,25 pts ata un máximo de 2 pts Os servizos prestados acreditaranse informe de vida laboral acompañado do contrato de traballo ou certificación de servizos prestados emitida pala Administración pública competente.

- Por servizos prestados na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Ponteceso ou noutra A VPC: 0,1 punto por mes ata un máximo de 1 pto. Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación do secretario ou presidente da AVPC

Demandante de emprego.

Por cada mes de antigüidade como demandante de emprego: 0,10 pts por mes ata o máximo de 1,00 pto.

Colectivos preferentes

a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia: 0.50 puntos

b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 0.50 puntos

c) Persoas paradas de longa duración: 0.50 puntos

d) Persoas con discapacidade: 0.50 puntos

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 0.50 puntos

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 0.50 puntos

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 0.50 puntos



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

Fase da oposición

Constará dos seguintes exercicios obrigatorios:

1º exercicio- Consistirá nunha proba combinada a realizar nunha piscina e da seguinte maneira “Entrada a auga do aspirante ó estilo socorrista, é dicir sen afundir a cabeza, realizará 50 metros de nado libre, 15 metros de buceo con recollida de manequí no fondo da piscina, e realizará 35 metros de remolque de maniquí sen afundilo nin que pase a auga por encima das súas vías respiratorias. O tempo máximo de realización desta proba será de 2 minutos 30 segundos. Valorarase nesta proba: o tempo de realización que non sexa superior ó establecido, que efectúen os 15 metros de buceo correctamente sen saír á superficie, e que remolquen o manequí sen afundilo.

A calificación da proba será APTO se cumpren todos os puntos da valoración establecidos e NON APTO se incumpren algún deles.

2º exercicio- RCP cun boneco.

Valorarase APTO ou NON APTO

O tribunal poderá dispor a incorporación e a colaboración de asesores especialistas para as probas, que se limitarán unicamente a exercer as súas especialidades técnicas, con base nas cales colaborarán co órgano de selección.

3º Exercicio:

Proba practica eliminatoria.

As persoas aspirantes deberán realizar una proba que consistirá na traducción directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de diccionario, nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentas aqueles aspirantes, que acrediten posuír o Celga 2,(adjuntarase coa solicitude).

7 Procedemento de selección:

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do concello e na web municipal a relación de todos os aspirantes coa puntuación final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de valoración de méritos e en na fase oposición). O tribunal elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta. No caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal, de forma motivada

8. Presentación de documentos.

Cada unha/un das/dos aspirantes propostos presentarán na Secretaría do concello, no prazo de tres días naturais (contados a partir da publicación do resultado de selección), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3 desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte deste proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún ou algunha dos/das aspirantes propostos/as non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que pudiera incurrir por

falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

9 Formalización dos contratos:

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da corporación procederá a contratar a favor dos/das aspirantes propostos/as polo tribunal cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de tres días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento.

Previamente á asinatura do contrato, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentes non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán abrigadas a prestar a súa xomada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un periodo de proba segundo o disposto no artigo 14 do estatuto dos traballadores e estará suxeita a un periodo de proba co alcance previsto no artigo 14 do estatuto de los traballadores, e estará suxeita a la lexislacion laboral pertinente.

10 Normas Finais.

Para todo o que non está previsto nestas bases ou para o que as contradigan, será de aplicación suletoria o establecido na Lei reguladora das bases do réxime local, na Lei de administración local de Galicia, no Real decreto 896/1991, no Real decreto 364/1995, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

2 Os actos e comunicacións que se deriven da celebración <este proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da casa do concello.

3 Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións suspenderá a continuación do proceso selectivo, agás que así o decida o órgano que o convoca este.

4 Contra estas bases e contra a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación na convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interponer o recurso de reposición no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interponer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELC: MU 2000/15

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.
O tribunal queda facultado para resolver tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

